Firmado por: ***373*** - MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO (FECHA: 2026-09-11 10:38:39.00) , ***118*** - ISABEL CARBONES BOSCH (FECHA: 2026-09-11 10:00:41.00)
CVD: kPzp1VYAc/FAoc1x0087
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INFORME PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL

Visto o Decreto 7191/2026, do 28 de agosto de 2026, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe- proposta do Servizo de Tesourería de modificación da ordenanza fiscal xeral, asinada pola Tesoureira municipal co conforme da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 2/09/2026.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local do 7/09/2026 co conforme da Asesoría Xurídica de data 8/09/2026.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 09/09/2026.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 10/09/2026.

Visto o informe xurídico do Secretario do Pleno do Concello de Lugo de data 10/09/2026.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data 10/09/2026.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal xeral, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL XERAL

1) Modifícase o apartado oito do artigo 24º quedando o artigo 24º.8 redactado do seguinte xeito:

«8. Para respectar o principio de proporcionalidade entre o importe da débeda e os medios empregados para a súa realización, e atendendo a criterios de eficiencia na utilización dos recursos disponibles e de economía e eficacia na xestión recadatoria na tramitación dos expedientes de derivación da acción de cobro a terceiras persoas distintas da que figura na providencia de constrinximento, non se procederá a tal derivación cando o importe principal pendente da débeda tributaria sexa inferior ás cuantías que a continuación se relacionan:

DERIVACIÓN A ADMINISTRADORES	*1.000,00 €*
DERIVACIÓN POR CONTINUIDADE DE EXPLOTACIÓN	*1.000,00 €*
DERIVACIÓN POR AFECCION DE IBI	*1.000,00 €*
DERIVACIÓN DE AUGA	*1.000,00 €*
SANCIÓNS DE TRÁFICO	*1.000,00 €*

No caso dos expedientes de derivación de sancións de tráfico o limite fixado en 1.000,00 €, serao con respecto á débeda total que resulte aplicable o vehículo cuxo responsable é o propietario, non o importe total do expediente executivo aberto ao infractor, dado que poden existir sancións de tráfico cometidas por vehículos conducidos polo mesmo infractor pero pertencentes a distintos propietarios».

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2027, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

SEGUNDO.- Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado, para a súa aprobación inicial.

Asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Facenca Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, na data que figura á marxe.